

TOPONIMIA: CAUSA – EFECTO

“SAN VICENTE DE O GROVE”

Por: Xosé Fuentes Castro

Alguén dixo, que <o tempo é a sombra do relativo>. Cando queremos darnos conta morreu o recordo e todo o temporalmente valorable.

Está a acontecer algo semellante cos nomes de sempre (topónimos). Ao mudar as sociedades de xeito de vida no eido do traballo e pasar da sociedade rural agraria, labrega, á sociedade asalariada, os nomes dos lugares, corredoiras, camiños,..., van esvaéndose na memoria, porén no recordo ao non formar parte do día a día.

Xa non se fala polas noites a carón da lareira das angueiras do día que ven e dese xeito van quedando no esquecemento os nomes que eran comúns noutros tempos. Mañá, temos que sementar patacas en Salcido; pasado, nos Cons de Xan Vidal,...

A tarefa de planear por onde é máis doado transitar co carro cargado de esterco: Se polo camiño de Ruidantes, polo da Santiña, polo de Suasventanas,... Así, eran as conversas de costume; os nomes vivían con nós. Este tesouro toponímico multiseccular está en vías de extinción ao caer en desuso. Cómpre logo facer un esforzo de recuperación, rotulación e conservación desta riqueza cultural antropolóxica que está desatendida pola sociedade, polos poderes públicos (concellos), asociacións culturais,...

Esta situación está a darse de xeito dramático no concello de O Grove, especialmente na parroquia de San Vicente.

Unha sociedade decente non pode mirar para outro lado, malia ter mudado o xeito de vivir.

Ao írmonos desposuíndo dos recordos vaise escurecendo o espírito, mutilando a beleza, facendo fraco favor aos devanceiros que nos deixaron esta riqueza.

“O home reflíctese nas súas cousas” dicía Nietzsche. É preciso que o reflexo da sociedade camiñe nese senso de non esquecer, de recuperar.

Estamos vencellados á toponimia de tal xeito que somos parte dela; está inserida no noso ser.

Compre pois preservala para sermos dignos de nós.

